

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 27 de novembro de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicas as baremacións definitivas e a lista de persoas aspirantes seleccionadas na convocatoria excepcional no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso nas categorías de persoal de investigación.*

Mediante a Resolución desta dirección xeral, do 27 de decembro de 2022 (DOG núm. 4, do 5 de xaneiro de 2023), realizouse a convocatoria excepcional do proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso en diversas categorías de persoal de investigación.

Mediante a Resolución deste mesmo centro directivo, do 27 de xuño de 2024 (DOG núm. 128, do 3 de xullo), declaráronse, con carácter definitivo, as persoas aspirantes admitidas e excluídas nas convocatorias excepcionais do proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso nas categorías de persoal de investigación e publicáronse as datas de realización da fase de entrevista.

Mediante a Resolución deste mesmo centro directivo, do 19 de setembro de 2024 (DOG núm. 188, do 30 de setembro), fixéronse públicas as baremacións provisionais da convocatoria excepcional no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso nas categorías de persoal de investigación.

A base 8.1.5 da Resolución do 27 de decembro de 2022 establece que, á vista das reclamacións presentadas ou apreciado de oficio polo órgano de selección algún erro na baremación provisional asignada aos/ás aspirantes, o tribunal efectuará as oportunas correccións e aprobará as puntuacións definitivas de méritos do concurso e elevará á autoridade convocante, para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a relación de aspirantes seleccionados/as.

De conformidade coas ditas bases, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) o acordo do tribunal relativo á puntuación definitiva do proceso selectivo de estabilización,



polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso nas seguintes categorías de persoal investigador:

- Investigador sanitario-subgrupo C1.
- Investigador sanitario-subgrupo A1.
- Investigador non sanitario-subgrupo A1.

Segundo. Publicar, como anexo desta resolución, a relación dos/das aspirantes seleccionados/as neste proceso segundo a orde de puntuación acadada de conformidade co número de prazas convocadas en cada liña de investigación.

Terceiro. De conformidade coa base 9.1 da Resolución do 27 de decembro de 2022, as persoas aspirantes definitivamente seleccionadas disporán dun prazo de dez días hábiles para a presentación da seguinte documentación:

a) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado, non encontrarse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que o/a imposibiliten para o exercicio das funcións propias da categoría.

c) Por exixencia do artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, certificación do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos de non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual ou, na súa falta, autorización escrita ao Servizo Galego de Saúde para consultar os datos contidos no citado rexistro e solicitar no seu nome a oportuna certificación.

d) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non ter a condición de persoal estatutario fixo da mesma categoría a que opta.



Cuarto. De conformidade coas bases 9.2, 9.3 e 9.4 da Resolución do 27 de decembro de 2022, as persoas que, dentro do prazo fixado, non presenten a documentación ou do exame desta se deduza que carecen dalgún dos requisitos para participar neste proceso selectivo, non poderán ser nomeadas persoal estatutario fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

No suposto de aspirantes que non poidan acreditar a capacidade funcional por encontrarse en situación de incapacidade permanente total para a profesión habitual (na categoría a que opta), incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez en virtude dunha resolución que prevé a revisión por melloría, ou que foi impugnada, o/a aspirante poderá achegar a documentación que acredite a recuperación da capacidade funcional ata o momento en que remate o prazo fixado para a revisión ou se dite a correspondente resolución, e continuará a súa participación no proceso desde ese momento, logo de acreditación da recuperación da capacidade funcional.

Quinto. De conformidade coa base 9.3, comprobada a documentación de todos/as os/as aspirantes aprobados/as, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Gallego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación definitiva de aspirantes seleccionados/as.

En ningún caso se poderá declarar que superou o concurso de méritos un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas.

Segundo a base 9.4, as prazas adxudicaranse entre os/as aspirantes pola orde de puntuación acadada no concurso de méritos, en cada liña, co destino que figura no anexo I da convocatoria.

Sexto. De acordo coa base 7.2 da Resolución do 27 de decembro de 2022 e co que se dispón no punto quinto da Resolución do 19 de setembro de 2024, exclúese do proceso selectivo da categoría de investigador sanitario-subgrupo A1 o aspirante Francisco Regueiro Mira nas liñas de investigación: CM22-Investigación-A1 SAN-Neurociencias, oncoloxía e hematoloxía, e CM22-Investigación-A1 SAN-Insuficiencia cardíaca avanzada e transplante cardíaco.

Sétimo. A documentación requirida nesta resolución deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións



públicas, e deberá dirixirse á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde; Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703, Santiago de Compostela.

Oitavo. Esta resolución poderá ser impugnada nos termos previstos na base décimo primeira da resolución pola cal se convoca este proceso selectivo.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

María del Mar Pousa Cobas  
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO I

Aspirantes seleccionados/as

| Liña de investigación  | DNI       | Apelidos e nome                  | Formación | Investigación e innovación sanitaria | Experiencia profesional | Coñecemento de galego | Puntuación total |
|--|-----------|----------------------------------|-----------|--------------------------------------|-------------------------|-----------------------|------------------|
| Investigador-non sanitario-subgrupo A1   |           |                                  |           |                                      |                         |                       |                  |
| Epidemioloxía xenética e molecular do cancro. Quimioprevención do cancro: ensaios clínicos. Vitamina D, nutracéuticos, fungos, microbioma.   | ***6276** | Redondo Marey, Carmen María      | 3,000     | 9,000                                | 28,000                  | 0,000                 | 40,000           |
| Estudo biomorfolóxico, banco de mostras e biomodelos en enfermidades raras   | ***9324** | Teixeira Bautista, Susana        | 1,610     | 9,000                                | 28,000                  | 5,000                 | 43,610           |
| Xenética das enfermidades cardiovasculares hereditarias asociadas á morte súbita cardíaca  | ***9491** | Blanco Vereas, Alejandro José    | 1,650     | 9,000                                | 28,000                  | 5,000                 | 43,650           |
| Investigador-sanitario-subgrupo A1   |           |                                  |           |                                      |                         |                       |                  |
| Aplicación de estratexias proteómicas para o descubrimento de biomarcadores en artrose e artrite reumatoide  | ***9262** | Ruiz Romero, Cristina            | 2,110     | 9,000                                | 28,000                  | 0,000                 | 39,110           |
| Bases xenéticas de esquizofrenia e doutros trastornos psiquiátricos  | ***1137** | Costas Costas, Javier            | 3,000     | 9,000                                | 26,700                  | 5,000                 | 43,700           |
| Bases neuroendócrinas das accións das hormonas gastrointestinais sobre a homeostase enerxética: implicación na fisiopatoloxía da obesidade e metabolismo   | ***9020** | Seoane Camino, Luisa María       | 3,000     | 9,000                                | 28,000                  | 5,000                 | 45,000           |
| Biomarcadores, teragnóstica e terapias avanzadas en enfermidades neurolóxicas asociadas ao envellecemento  | ***7098** | Sobrino Moreiras, Tomás          | 2,300     | 9,000                                | 18,000                  | 5,000                 | 34,300           |
| Dianas terapéuticas para o tratamento de patoloxías do músculo esquelético relacionadas coa rexeneración e atrofia muscular  | ***5363** | Pérez Camiña, Jesús              | 3,000     | 9,000                                | 28,000                  | 5,000                 | 45,000           |
| Dosimetría de radiacións e modelos biomatemáticos de doses/resposta en radioterapia  | ***3109** | Pardo Montero, Juan              | 3,000     | 9,000                                | 23,000                  | 5,000                 | 40,000           |
| Enfermidades neuropsiquiátricas (demencia, esquizofrenia, depresión e trastorno por estrés postraumático): mecanismos epixenéticos, aprendizaxe e memoria, neuroxénese, biomarcadores en sangue, dianas terapéuticas e ferramentas bioinformáticas | ***7542** | Agís Balboa, Roberto Carlos      | 3,000     | 9,000                                | 9,500                   | 5,000                 | 26,500           |
| Epidemioloxía xenética e molecular do cancro. Quimioprevención do cancro: ensaios clínicos. Vitamina D, nutracéuticos, fungos, microbioma  | ***2480** | Castelao Fernández, José Esteban | 2,160     | 9,000                                | 28,000                  | 0,000                 | 39,160           |
| Estudo da autofaxia no envellecemento articular e na artrose: desenvolvemento de terapias dirixidas  | ***3001** | Caramés Pérez, Beatriz           | 1,760     | 9,000                                | 24,100                  | 5,000                 | 39,860           |
| Estudo da disfunción mitocondrial e da dieta na inflamación asociada a patoloxías articulares e diálise peritoneal   | ***2960** | López Armada, María José         | 3,000     | 9,000                                | 28,000                  | 0,000                 | 40,000           |





| Líña de investigación   | DNI       | Apelidos e nome               | Formación | Investigación e innovación sanitaria | Experiencia profesional | Coñecemento de galego | Puntuación total |
|---|-----------|-------------------------------|-----------|--------------------------------------|-------------------------|-----------------------|------------------|
| Estudo da xenética mitocondrial en enfermidades reumáticas, especialmente a artrose e artrite reumatoide  | ***2563** | Rego Pérez, José Ignacio      | 2,140     | 9,000                                | 24,000                  | 5,000                 | 40,140           |
| Estudo e abordaxe farmacolóxica das respostas inmunes innatas articulares e a osificación heterotópica  | ***3834** | Gómez Vaamonde, Rodolfo       | 3,000     | 9,000                                | 10,800                  | 5,000                 | 27,800           |
| Estudos de mecanismos de resistencia a antimicrobianos en bacterias Gram-multirresistentes e avaliación de novas alternativas antibióticas  | ***8573** | Beceiro Casas, Alejandro José | 3,000     | 9,000                                | 23,900                  | 5,000                 | 40,900           |
| Estudos moleculares de mecanismos de tolerancias, persistencias e resistencias aos antibióticos. Innovación en técnicas diagnósticas ultrarrápidas de enfermidades infecciosas. Fagoterapia e enzimas derivadas | ***4555** | Tomás Carmona, María del Mar  | 3,000     | 9,000                                | 24,000                  | 0,000                 | 36,000           |
| Xenética cardiovascular: cardiopatías familiares, enfermidades aórticas, cardiotoxicidade, morte súbita cardíaca, farmacoxenética cardiovascular  | ***2354** | Brión Martínez, María José    | 2,270     | 9,000                                | 28,000                  | 5,000                 | 44,270           |
| Ictus translacional e neuroprotección   | ***0212** | Campos Pérez, Francisco       | 3,000     | 9,000                                | 13,200                  | 5,000                 | 30,200           |
| Infección por VIH e SARS-CoV-2: epidemioloxía molecular/resistencias, factores de evolución e resposta a tratamento, inflamación e vesículas extracelulares   | ***5430** | Poveda López, Eva             | 3,000     | 9,000                                | 26,400                  | 5,000                 | 43,400           |
| Infertilidade: fragmentación do ADN dos espermatozoides   | ***4822** | Fernández García, José Luis   | 3,000     | 9,000                                | 28,000                  | 5,000                 | 45,000           |
| Insuficiencia cardíaca avanzada e transplante cardíaco  | ***2873** | Domenech García, Nieves       | 3,000     | 9,000                                | 28,000                  | 5,000                 | 45,000           |
| Interaccións neuroendócrinas en enfermidades reumáticas e inflamatorias   | ***3960** | Gualillo, Oreste              | 3,000     | 9,000                                | 28,000                  | 0,000                 | 40,000           |
| Mecanismos patoxénicos, biomarcadores e dianas terapéuticas en enfermidades autoinmunes: artrite reumatoide e lupus eritematoso sistémico   | ***5397** | Conde Muro, Carmen            | 3,000     | 9,000                                | 28,000                  | 0,000                 | 40,000           |
| Nanomedicamentos baseados en nanosistemas lipídicos para tratamento e diagnóstico de cancro e outras enfermidades prevalentes. Deseño de novas terapias dirixidas en oncoloxía                                  | ***8697** | De la Fuente Freire, María    | 1,620     | 9,000                                | 17,100                  | 5,000                 | 32,720           |
| Neurociencias, oncoloxía e hematoloxía  | ***3173** | Mayán Santos, María Dolores   | 3,000     | 9,000                                | 3,600                   | 5,000                 | 20,600           |
| Novas vías de comunicación do tecido adiposo na fisiopatoloxía e terapias da obesidade: identificación de biomarcadores circulantes e mecanismos endócrinos mediados por vesículas extracelulares               | ***0942** | Pardo Pérez, María            | 3,000     | 9,000                                | 26,400                  | 5,000                 | 43,400           |
| Regulación da homeostase enerxética e da viabilidade e o metabolismo cardiomiocitario por parte de adipoquinas e de fármacos utilizados en medicina cardiovascular  | ***8531** | Lago Paz, María Francisca     | 3,000     | 9,000                                | 28,000                  | 5,000                 | 45,000           |



| Liña de investigación   | DNI       | Apelidos e nome                         | Formación | Investigación e innovación sanitaria | Experiencia profesional | Coñecemento de galego | Puntuación total |
|---|-----------|---|-----------|--------------------------------------|-------------------------|-----------------------|------------------|
| Reumatoloxía experimental e observacional. Autoinmidade e xenética  | ***3388** | González Martínez-Pedrayo, Antonio Luis | 3,000     | 9,000                                | 28,000                  | 0,000                 | 40,000           |
| Senescencia celular en fisioloxía e patoloxía   | ***3126** | Fernández Ferreiro, Anxo                | 2,810     | 9,000                                | 7,000                   | 5,000                 | 23,810           |
| Sistemas ligando-receptor endóxeos determinantes nas patoloxías asociadas a procesos proliferativos e reparadores                         | ***4991** | Pazos Randulfe, Yolanda                 | 3,000     | 9,000                                | 28,000                  | 5,000                 | 45,000           |
| Tumores xinecolóxicos e biopsia líquida   | ***8859** | Abal Posada, Miguel                     | 0,019     | 9,000                                | 28,000                  | 5,000                 | 42,019           |
| Investigador-sanitario-subgrupo C1  |           |   |           |                                      |                         |                       |                  |
| Epidemioloxía xenética e molecular do cancro. Quimioprevención do cancro: ensaios clínicos. Vitamina D, nutracéuticos, fungos, microbioma | ***6609** | Miranda Ponte, Sara                     | 5,780     | 6,000                                | 28,000                  | 5,000                 | 44,780           |
| Xestión e manexo de microscopia confocal  | ***5233** | Picado Barreiro, Marta                  | 3,060     | 0,000                                | 28,000                  | 5,000                 | 36,060           |